

Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial para o día 30 de abril de 2026.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 o Pleno debe realizar sesión ordinaria cunha periodicidade mensual.

Polo exposto, **DISPOÑO**:

Convocar a sesión **ordinaria** do Pleno da Corporación Provincial, nos seguintes termos:

**DÍA:** 30 de abril de 2026

**HORA:** 10:00 horas en primeira convocatoria\*

**LUGAR:** Salón de Plenos do Pazo Provincial

*\* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente dous (2) días despois.*

A orde do día da sesión será a seguinte:

### **1. 2026/4R/PLENO PRESIDENCIA**

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 27 de marzo de 2026.

### **2. 2025/3149Q PRESIDENCIA**

Creación e adhesión da Deputación Provincial de Ourense a unha Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) denominada "Raia Seca y Gerês-Xurés".

### **3. 2026/4645N PRESIDENCIA**

Delegación na Deputación Provincial do exercicio das competencias de xestión, liquidación e recadación en voluntaria e executiva e revisión de actos da taxa para o abastecemento de auga aos núcleos de Sobradelo e A Medua do Concello de

Carballada de Valdeorras.

#### **4. 2026/6384A PRESIDENCIA**

Modificación orzamentaria, autorización de suplemento de crédito e modificación da base 5 do orzamento do INORDE.

#### **5. 2026/6381T PRESIDENCIA**

Aprobación do Regulamento regulador do sistema de carreira administrativa horizontal para os/as empregados/as públicos/as do INORDE.

#### **6. 2025/20110G PRESIDENCIA**

Aprobación inicial do orzamento do Consorcio de Augas de Valdeorras e a súa integración no orzamento xeral da Deputación Provincial, para o exercicio 2026.

#### **7. 2026/6294M PRESIDENCIA**

Aprobación do expediente número 3/2026 de modificación de créditos orzamentarios consistente na concesión de suplementos de créditos, créditos extraordinarios e da modificación do anexo IV das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais que se desprende da liquidación do orzamento do exercicio 2025, e na concesión dun crédito extraordinario, financiado pola baixa por anulación de créditos de outras aplicacións orzamentarias.

#### **8. 2026/6295Y PRESIDENCIA**

Aprobación do expediente número 4/2026 de modificación de créditos orzamentarios consistente na concesión de créditos extraordinarios e da modificación do anexo IV das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais que se desprende da liquidación do orzamento do exercicio 2025.

#### **9. 2026/6418Z PRESIDENCIA**

Moción do Grupo Socialista para a creación do sistema provincial unificado de emerxencias da provincia de Ourense.

#### **10. 2026/6098Q PRESIDENCIA**

Moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) demandando o arranxo das estradas OU-0701 Monte Cabalar - Vilariño de Conso e OU-0908 Viana do Bolo - Vilariño de Conso.

#### **11. 2026/6527P PRESIDENCIA**

Moción do Grupo Socialista para a mellora da atención sanitaria das persoas afectadas pola silicose na Comarca de Valdeorras.

#### **12. 2026/6143S PRESIDENCIA**

Moción do Grupo Provincial de Democracia Ourenzana para a modificación da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia.

#### **13. ASUNTOS DE URXENCIA.**

#### **14. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

- Dación de conta do informe do resultado do control interno do exercicio 2025.
- Dación de conta da relación de decretos do mes de marzo de 2026.

#### **15. ROGOS E PREGUNTAS.**

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.